

TESES DO XI CONGRESO

- 1. O proceso de transnacionalización mundial e as súas consecuencias**

- 2. O nacionalismo, unha ideoloxía ao servizo da transformación social liberadora, do internacionalismo e dos dereitos básicos**
 - 2.1. Autodeterminación, soberanía, democracia e anti-imperialismo, como antítese do modelo transnacionalizador
 - 2.2. A necesidade dunha auténtica Sociedade de Nacións e da desaparición de organizacións agresivas. Igualdade e diálogo das nacións como fundamento da paz
 - 2.3. A defensa da diversidade cultural e lingüística
 - 2.4. A posición do nacionalismo a respecto da Unión Europea
 - 2.5. A posición do nacionalismo fronte á guerra preventiva, a inxerencia e a hostilidade contra países soberanos

- 3. A batalla pola conformación dun estado plurinacional como fundamento dun estado realmente democrático. As necesidades para a existencia material da Galiza**
 - 3.1. Reforma constitucional e status político de nación para a Galiza
 - 3.2. A existencia económica e social da nación galega
 - 3.2.1. A situación socioeconómica da Galiza
 - 3.2.2. A situación do agro
 - 3.2.3. A situación da mar
 - 3.2.4. A situación do noso idioma
 - 3.2.5. A situación da mocidade
 - 3.2.6. A situación das mulleres

- 3.3. Autogoberno e transformación social e cultural da Galiza
 - 3.3.1. Na área industrial, enerxética e tecnolóxica
 - 3.3.2. Na área agraria
 - 3.3.3. Na área lingüística
 - 3.3.4. Na área cultural
 - 3.3.5. Políticas laborais e formación dos traballadores e traballadoras
 - 3.3.6. Na área xuvenil
 - 3.3.7. Nos medios de comunicación audiovisuais de titularidade pública
- 3.4. Nacionalismo, socialismo e democracia

4. Un partido activo de ampla base social

- 4.1. As novas necesidades a afrontar
 - 4.1.1. Unha militanza activa no tecido social
 - 4.1.2. Unha militanza sen compartimentos estancos
 - 4.1.3. Compromiso coa actividade partidaria
- 4.2. Estruturación orgánica da UPG
 - 4.2.1. A nivel de Zona
 - 4.2.2. A nivel central
 - 4.2.3. Organizar as simpatías cara ao Partido
- 4.3. Formación política e ideolóxica
- 4.4. Compromiso coa Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas

1. O PROCESO DE TRANSNACIONALIZACIÓN MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUCENCIAS

Pódese dicir que a crecente transnacionalización que percorre o ámbito socio-económico das formacións sociais é un proceso polo que está a pasar o sistema económico capitalista. Mais, dispendo este sistema de enormes recursos, de sofisticados instrumentos e espazos para a regulación das crises, tanto na escala planetaria coma na rexional, -FMI, BM, OMC,...-, e de grandes posibilidades de aproveitamento e expansión de mercados, é ben certo que ten xerado consecuencias moi desfavorábeis para a inmensa maioría da humanidade, que se ten agravado nos últimos anos

Sirvan como indicadores os grandes continxentes de poboación que viven no límite da pobreza, a polaridade da riqueza e a disparidade de renda, a diferenza entre os países máis ricos e os dependentes e subdesenvolvidos, e mesmo as diferenzas existentes dentro dos países do centro capitalista, ou o grave deterioro que está a padecer o medio ambiente.

Este proceso de transnacionalización evidenciara, xa desde finais da IIª Guerra Mundial, mudanzas cualitativas que foron acelerándose nos últimos anos, sendo relevantes no momento actual a militarización da economía, en tanto que necesidade do sistema para ampliar a súa base, e a rexionalización como instrumento acelerador da globalización.

E é que a propia dinámica do sistema conduciu, por unha banda, a unha ofensiva global do imperialismo, determinada polas esixencias de reprodución do capital e da obtención do máximo lucro, pola necesidade tanto de controlar novos mercados abolindo as restricións á circulación do capital financeiro e á pillaxe de recursos, como de dominar a xestión das fontes

energéticas, e outras materias primas necesarias para impor a súa hexemonía, e pola vontade de impedir o desenvolvemento autocentrado, ou de modelos de produción e consumo non integrados nos circuitos controlados polos oligopolios dos países do centro do sistema.

Sen esquecer a utilización de institucións como o FMI, o BM, a OMC, etc, para impor políticas á carta para o capital transnacional, a formulación primordial desta ofensiva é o militarismo e, no seu caso, o recurso á guerra. Vaian como exemplos a ex-Iugoslavia, o Kosovo, Afganistán, o Iraq ou a Costa do Marfil.

Asemade, a devandita dinámica propicia a consolidación dos procesos de integración económica institucionalizada en mercados comúns supraestatais, establecendo, así, a libre circulación de capitais, a liquidación dos sectores produtivos estratéxicos nacionais, etc.

Claro está, que algúns destes procesos de rexionalización –tal é o caso do Mercado Común Sul Americano (MERCOSUR)- poderían dificultar a hexemonía planetaria dalgunhas das potencias imperialistas, nomeadamente dos EUA, nesta altura na que o seu papel dominante no control dos mercados financeiros, na primacía do dólar –embora esta estexa cada vez máis en cuestión-, da produción ideolóxica, e no poderío tecnolóxico e militar confírelle unha aparente supremacía absoluta, posta de manifesto no seu unilateralismo. Porén, outros procesos como a da Unión Europea non son obstáculos para Washington: a UE non pode representar unha alternativa ao imperialismo norteamericano.

Lonxe de dar solucións aos problemas da humanidade, dos traballadores e dos pobos, o capitalismo nesta ulterior fase continúa a agravalos. Porén, as políticas de explotación e guerra, na que coin-

ciden as ideoloxías neoliberal e socialdemócrata, atopan unha crecente resistencia no mundo. *A soberanía nacional e a afirmación do dereito a autodeterminación dos pobos continúa a ser o factor de resistencia fundamental ao proceso de mundialización imperialista.* A pervivencia de Cuba, a revolución bolivariana en Venezuela, as vitorias da Frente Ampla en Uruguai, ou do PT no Brasil, a resistencia do pobo palestino e do iraquí son significativas.

2. O NACIONALISMO, UNHA IDEOLOXÍA AO SERVIZO DA TRANSFORMACIÓN SOCIAL LIBERADORA, DO INTERNACIONALISMO E DOS DEREITOS BÁSICOS

2.1. Autodeterminación, soberanía, democracia e anti-imperialismo, como antítese do modelo transnacionalizador

Se a transnacionalización non é unha realidade que transcende o feito nacional, senón a hexemonía dunha das nacións sobre as demais, visto é que constitúe unha modalidade de imperialismo. É o que xa estaba definido polos clásicos marxistas como a concentración monopolista a nivel mundial. Deste xeito, o nacionalismo é a súa antítese.

A autodeterminación nacional é un dereito consubstancial coa democracia, como forma de goberno do pobo e non exclusivamente para o pobo. Reducir esta á participación popular nos procesos electorais pode estar máis perto do despotismo ilustrado que dun Estado democrático. Negar o dereito de autodeterminación é a negación das liberdades individuais. Se non hai democracia cando os cidadáns carecen de liberdade para esco-ller os gobernantes, a súa profesión ou o lugar de residencia,

moito menos pode habela se como membros dunha colectividade nacional están incapacitados para decidir sobre as institucións desta ou a súa integración no concerto internacional.

Confúndese a miúdo a autodeterminación coa independencia. Pode sela, mais non forzosamente. Depende de moitos factores políticos, históricos, xeográficos e mesmo culturais. Non semella ser a opción máis acaída para o novo contexto. *Mais son os nacionais en exclusiva os que deben falar en nome da nación. De aí que a autodeterminación presupuña e incorpore a soberanía política.* Desde fóra agradécense os consellos. Se impoñen decisións son imperialistas.

Neste aspecto, fica moito camiño por andar para a correcta interpretación da democracia no Estado que nos impuxeron. Que non se aceptase o resultado dunha consulta popular sería a expresión dun réxime tiránico e totalitario. Que se poida pensar en penalizar a simple consulta sen provocar de inmediato unha rebelión colectiva só se pode explicar por unha falta de sensibilidade democrática. Será, talvez, que unha falsa etimoloxía da palabra “democracia” os leve a interpretar que consultar co pobo significa consultar co demo.

2.2. A necesidade dunha auténtica Sociedade de Nacións e da desaparición de organizacións agresivas. Igualdade e diálogo das nacións como fundamento da paz

Evitar agresións unilaterais ou impedir que os conflitos desencadenasen enfrontamentos bélicos propiciou que, para regular as relacións de poder entre os diferentes Estados, se teñan deseñado métodos de actuación baseados na centralización das medidas

de seguranza en instancias supraestatais. A posta en práctica do que se deu en chamar “seguridade colectiva” tivo diferentes formulacións institucionais, sendo as máis significativas a Sociedade de Nacións e a ONU. Ocorre que ambas as dúas, desde o inicio das súas actuacións, evidenciaron e evidencian graves limitacións para manteren a paz e a seguridade internacional.

A Sociedade de Nacións, escenario da dialéctica entre o mantemento do *status quo* xurdido da paz de Versailles e a imposición dos acordos aos vencidos, aqueixada dunha forte parálise, ademais de perpetuar o colonialismo, ao consolidar os “mandatos” imperialistas, que limitaban o exercicio da soberanía por parte dos pobos que liberaran dos imperios derrotados, converteuse en testemuña do desmantelamento daquela orde mundial xurdida no remate da Iª Guerra Mundial; amosouse inoperante na Guerra Civil española; e non defrontou as agresións imperialistas das potencias fascistas, previas á II Guerra Mundial.

De igual xeito, a ONU, institución creada para manter o equilibrio e a interlocución indispensábel entre os bloques, na etapa da “Guerra Fría”, so os principios de defensa da paz, da xustiza, da autodeterminación, e de rexeitamento das guerras coloniais e das relacións económicas internacionais baseadas na pillaxe, afastouse moito dos seus principios fundacionais.

Con certeza, superada a dinámica de bloques pola desorganización e quebra do bloque do Leste, despois da desaparición da Unión Soviética en decembro de 1991, G. Bush proclamou a “nova orde mundial” cos EUA como hiperpotencia, asignándose á ONU o novo papel de representar a “comunidade internacional” nun mundo unificado. Porén, en todas as cimeiras sobre os grandes temas internacionais íase pondo de manifesto a escasa

autoridade política das Nacións Unidas a respecto dos obxectivos e das estratexias do proceso de mundialización en marcha. E o Consello de Seguridade, responsábel da seguridade colectiva, cunha estrutura xa unipolar, non foi quen de resolver en Somalia, non actuou axeitadamente en Ruanda e, sen o seu permiso, os EUA, servíndose da OTAN, fixeron uso da forza en Serbia e no Kosovo. Iniciábase o período do unilateralismo fronte o sistema multilateral da seguranza colectiva.

Neste tempo, os EUA, para dar lexitimidade e apoio á súa dominación imperialista, prestouse a unha máis activa manipulación e a un maior control da institución. A utilización e o suborno de reximes clientelares, a medio da súa influencia militar, ou de promesas de empréstitos ou acordos comerciais serán reiteradas no proceso de conquista de poder dentro da ONU. Un indicador deste proceso é o relevo do ex-Secretario Xeral Boutros Ghali. Ghali, de perfil francófilo e africanista, cunha posición bastante autónoma e crítica coa política exterior estadounidense, especialmente en Bosnia, e coa política israelí (asasinato de palestinos no campo de refuxiados da ONU, en Kanaa, no sur do Líbano), foi vetado polos EUA no Consello de Seguridade para un segundo mandato por non colaborar coa súa práctica hexemonista. Foi substituído polo dócil servidor Kofi Annan, o máis subordinado aos Estados Unidos de América de todos os Secretarios Xerais da ONU, hoxe mesmo cuestionado por non se pregar aos designios de USA na lexitimación da guerra do Iraq.

Por outra parte, os EUA, no desenvolvemento das súas intervencións imperialistas, baixo as formulacións de “guerras éticas”, “inxerencia humanitaria” e, máis na actualidade, “guerra preventiva”, non admitirán condicionamento ningún por parte

da Organización das Nacións Unidas. Tal como se aseveraba desde a administración Clinton a respecto de Xugoslavia: “coa ONU, se for posible; sen ela, se for necesario”. Non en van, chegado o momento a ONU sería relevada sen reparos por unha organización militar como a OTAN. Daquela, a función de procurar acordos políticos para os conflitos internacionais no marco das Nacións Unidas a cada paso fíxose máis dificultoso. Así os acordos de Dayton sobre Bosnia, asináronse baixo a éxida dos EUA, ou o acordo palestino-israelí. A ONU supeditouse unilateralmente aos Estados Unidos de América.

Con todo, o unilateralismo nas relacións internacionais agravouse nos últimos tempos, facendo moi difícil de compatibilizar a estrutura unipolar do poder co sistema das Nacións Unidas. A guerra decretada por G. W. Bush ao chamado “terrorismo internacional”, e abençoada pola ONU, propiciou que a agresiva política exterior dos EUA fiquen á marxe de calquera regulación internacional. Os procedementos legalistas das Nacións Unidas están a ser violados constantemente. A invasión do Iraq é mostra desta actitude.

O da ONU, marco sistematicamente invocado para resolver a desorde, é irrelevante nos conflitos importantes, e non son poucos os movementos sociais e os países do Terceiro Mundo que procuran novas organizacións e foros internacionais na procura dos principios que a Organización das Nacións Unidas ten traizoado. Afganistán, Palestina, e, sobre todo, Iraq son probas da necesidade de cambio na ONU para non caer na antedita irrelevancia.

A UPG forma parte do movemento internacional que condena os Estados que desprezan a lei, e avoga pola acción dunha Organización Internacional de Nacións vigorizada en base ao multilateralismo respectuoso coa soberanía das nacións, que sexa quen de xestionar os

focos de tensión e inseguranza e restabelecer a paz e a primacía da lei. Unha Organización Internacional de Nacións que condene as agresións imperialistas so calquera formulación. Unha Organización Internacional de Nacións que renuncie ao carácter elitista da actual ONU e sexa resultado da reformulación da súa estrutura e vida interna na perspectiva democrática. Afrontando, sobre todo, a remodelación do Consello de Seguridade, propio dunha realidade mundial bipolar e hoxe pouco representativo e de lexitimidade insuficiente, abolindo, entre outros aspectos, o dereito de veto atribuído aos países triunfadores na IIª Guerra Mundial, que as máis das veces conduce á inactividade -por omisión-, ante gravísimos problemas.

2.3. A defensa da diversidade cultural e lingüística

A pluralidade lingüística do planeta é signo inequívoco de progreso, civilización, culturas específicas, cosmovisións particulares. É, con efecto, riqueza, mais non entendíbel como complemento prescindíbel (e, portanto, regulábel ou superfluo), senón como inherente á propia condición humana. O problema non é, xa que logo, a multiplicidade e a variedade, senón a uniformización imperial e totalitaria, hoxe disfrazada de cínica comprensión. Non é o mito da Torre de Babel castigo, senón símbolo da especificidade humana, como xa proclamaba Castelao, en 1937, de modo e maneira que falarmos de Humanidade é falarmos de pluralidade de linguas e de culturas. Ora ben, entendido o multilingüismo como un relaxador psicosocial, como eufemismo do bilingüismo imposto, disimétrico e desigualitario, pode funcionar, talvez, como un recurso terapéutico de consolación ou de autosatisfacción, mais dificilmente resolverá a contradición de tal “necesidade” políglota para uns, cando outros continúan tan

ricamente instalados no seu unilingüismo hexemónico e excluínte, eficaz, multiestendido, sen conflitos, nin interquincias nin turbulencias, sen ruído na súa comunicación. A situación de facto, o bilingüismo absolutamente descompensado e desequilibrado, convértese, así, nun obxectivo desexábel e conquistábel. Perversa maneira de facer da necesidade virtude hipócrita.

Os cánticos á diversidade e á multiculturalidade, para non seren cantos de serea, han de partir, por tanto, dun diálogo en pé de igualdade, do principio de igualdade de oportunidades e, fundamentalmente, da posibilidade certa de que cada lingua poida existir na realidade pragmática, visíbel e audíbel, social e publicamente, no seu territorio e na súa sociedade.

2.4. A posición do nacionalismo a respecto da Unión Europea

A construción da actual Unión Europea (UE), antes só Comunidade Económica Europea e orixinariamente Mercado Común Europeo, mereceu sempre do nacionalismo galego unha análise abertamente crítica. Como mercado está articulada de forma que unha nación como Galiza se vería prexudicada nos sectores básicos da súa economía (agropecuaria, pesqueiro e naval, especialmente), tanto por razóns de índole política, os acordos de adhesión do Estado español, como por mor do modelo económico e social (concentración, monopolios, aparente libre competencia, xerarquización dos Estados e dos seus intereses). Especialmente activa e crítica foi a posición do BNG cando se formalizou o tratado de Maástricht, fito na conformación do actual modelo económico neoliberal antisocial.

Agora o tratado constitucional simplifica todos os tratados anteriores recollendo a súa substancia (Tratado de Roma, Acta Única,

Maastricht, Ámsterdam e Niza), para dar lexitimidade a unha UE que representa basicamente a garantía de desenvolvemento do capital transnacionalizado de orixe europea, isto é, un mercado común con moeda única, como fundamento principal. É, pois, un proxecto preferentemente economicista e transnacionalizador. Nada menos que se lexitima unha política económica fundamentada no axuste estrutural, garantido por un Banco Central independente do poder político democrático, nas súas competencias, na xestión das súas finanzas e na política monetaria. Xustamente o papel que desempeñan para os Estados do Terceiro Mundo o Fondo Monetario Internacional e o Banco Mundial.

As políticas que se formulan desde a UE son fulcrais nos seguintes aspectos:

- a) Privatización do sector público empresarial, así como dos servizos públicos.
- b) Eliminación de empresas supostamente non rendíbeis.
- c) Asignación de cotas máximas de produción a cambio de subvencións.
- d) Concentración e transnacionalización produtiva e empresarial.
- e) Regresión nas conquistas sociais e precarización con especial incidencia no papel das mulleres como función compensatoria da mingua ou desaparición de servizos sociais a cargo dos poderes públicos.
- f) Afondamento no desenvolvemento desigual coa conseguinte inmigración e emigración internas e externa.
- g) Desequilibrios territoriais e deterioración da base material e produtiva de zonas periféricas, coa imposibilidade de vivir e traballar no propio país.

Os Estados aparecen como únicos axentes políticos recoñecidos. A UE expresa a súa vontade e como lexitimación pretensamente democrática alude aos cidadáns. O Tratado Constitucional establece a coordinación entre estados e que competencias transfiren á UE. A identidade nacional fica asimilada á identidade estatal; mesmo os pobos son identificados cos Estados. A UE garante a integridade territorial destes, para que fique ben clariño que ningunha identificación autodeterminista dos distintos pobos de Europa cabe no marco xurídico legal instituído. Xa que logo non é real a desaparición de fronteiras no sentido político. Tampouco é certo que exista a libre circulación de persoas cos mesmos dereitos e deberes en toda a Unión Europea. Expresivamente a UE ten as seguintes competencias exclusivas: Política monetaria, política comercial, alfandegueira e conservación dos recursos biolóxicos mariños dentro da política pesqueira común, que é a menos común das políticas. Hai outras competencias que os Estados lle atribúen de forma condicionada. No terreo cultural e lingüístico son só linguas oficiais nas institucións da UE as que o son dos Estados, para alén de que a primacía do inglés vaia en aumento.

Os cidadáns están representados a través de marcos estatais. O Parlamento europeo non acaba de adquirir a capacidade plena para legislar, malia ser certo que vai poder codecidir co Consello –representación dos Gobernos dos Estados– en 80 ámbitos, mais sintomaticamente exclúese cidadanía, fiscalidade, política social e medio ambiental. Os Parlamentos estatais serán informados das propostas lexislativas para facer valer o principio da subsidiaridade. Non así os Parlamentos autonómicos, por máis que poidan ver afectados os seus ámbitos competenciais propios. As nacións sen Estado son relegadas ao Comité das Rexións

con posibilidade de recurso ao Tribunal de Xustiza da UE se consideraren vulnerado o principio de subsidiariedade.

As decisións do Goberno da UE tomaranse co criterio de maiorías que representen 55% dos Estados e 65% da poboación. Os Estados centrais teñen, pois, un importante papel condicionador. Porén, non é tanto o problema de como se toman as decisións, senón o modelo e os obxectivos en que se fundamentan, o que fai moi difícil a convivencia de intereses multilaterais.

A posición internacional da UE por mor do seu modelo neoliberal non pode servir de contrapeso aos Estados Unidos de América (EUA). Esta é a razón da súa incapacidade no escenario mundial, da súa contradición entre desexo de algún dos seus Estados e carencia de vontade suficiente, no conxunto, de servir de contrapeso aos EUA. A UE quere que os EUA actúen concertadamente con ela, todo o máis que non se faga de forma unilateral, porque comparten valores ideolóxicos, culturais e políticos e modelos económicos e sociais. Eis por que non hai política internacional da UE como tal, nin capacidade de desenvolver unha política de seguranza e defensa propias. Á hora da verdade, a política de seguranza e defensa non é autónoma, a OTAN, sen razón ningunha para a súa existencia, continúa como organización ofensiva e agresiva do denominado mundo occidental que vale para completar e solapar as aventuras militares unilaterais dos EUA (Afganistán por exemplo).

Estamos, pois, perante un Tratado Constitucional que aspira a dotar de lexitimidade democrática todo un proceso que se foi implantando de costas aos cidadáns e aos pobos e nacións que viven dentro da UE. A mesma denominación, composición e funcionamento da Convención encargada de redactala, fala dun

clube minoritario, elitista e estatalista, á marxe dos Parlamentos, e baixo dos ditados dos Governos, como artífices do texto. Vén sacralizar un *status quo* e un modelo do que sempre discrepamos a ao que nos opuxemos. Non podemos aceptar como benéfico un modelo que avoga pola transnacionalización económica, polas decisións antidemocráticas, pola regresión en materia de dereitos sociais, pola desigualdade territorial, pola privatización de sectores económicos e servizos públicos básicos; un modelo enfiado nos valores que prevalecen nos EUA. A mesma carta de dereitos é un apéndice retórico para o que non existe ningunha relación necesaria entre dereitos sociais e estado de benestar. Desde unha perspectiva nacionalista, resulta ademais un texto que vén agudizar a consideración marxinal dos marcos institucionais, as institucións de autogoberno limitado, con que contan algunhas nacións dos Estados que integran a UE que, porén, ven reforzada a súa integridade territorial, as súas fronteiras políticas. Non axuda precisamente ao recoñecemento da capacidade de autogoberno e de codecisión das nacións sen Estado, non digamos xa a posibilitar procesos claros de autodeterminación.

Debemos, pois, manter unha posición socialmente activa á hora do debate sobre esta cuestión na sociedade. Hai que informar do deseño que representa o Tratado para o noso país, para o seu futuro, e tamén facelo desde a experiencia de termos vivido un proceso, con consecuencias económicas e sociais concretas, que agora formaliza os elementos que o impulsaron. Debemos manter unha posición consecuenta coa nosa traxectoria a este respecto. Nin a pasividade, nin o silencio, nin unha actitude equívoca son positivas. *No referendo que o Goberno vai convocar, embora teña unha intencionalidade tramposa, e non sexa coas*

garantías dunha campaña con igualdade entre as distintas posicións, debemos optar pola defensa formal do “non”. O abstencionismo en política non é boa pedagogía. Cómpre unha campaña esclarecedora para a nosa base social, para todos os sectores aos que poidamos chegar, defendendo que non debemos avalar este proxecto. Non só porque non responde aos nosos criterios do que debe ser unha verdadeira Unión Europea, senón porque vai xustamente nunha orientación destinada a consolidar modelos económico-sociais inxustos, relacións políticas moi desiguais, desequilibrios territoriais, e xerarquizacións culturais e lingüísticas abusivas, dentro dunha visión internacional que non rectifica nin sirve de contrapeso ao unilateralismo dos EUA. É unha boa oportunidade para o debate político, a conscienciación e a clarificación social.

2.5. A posición do nacionalismo fronte á guerra preventiva, a inxerencia e a hostilidade contra países soberanos

Após a desaparición dos Estados socialistas, especialmente a URSS, a apoloxía directa do sistema capitalista transnacionalizador fíxose descarada. O único mundo posíbel era, por fin, o representado polos negocios, a concentración de capital e a expansión imperialista. Sen contrapeso alternativo, o unilateralismo da grande potencia militar imperialista, os EUA, foise tecendo inexorablemente a base de propaganda, inxerencias nos asuntos internos doutras nacións, agresións e guerras localizadas. A ameaza, a intimidación, a chantaxe e a prepotencia caracterizaron a política internacional como nunca. Os chamados valores do mundo occidental foron axitados como expresión dunha moral superior e como orde política a impor. Nunca como até hoxe, os conceptos de “liberdade”, “democracia” e

“dereitos humanos” foron tan envilecidos por un uso perverso; nunca foron tan cinicamente manipulados ao servizo e como xustificación da agresión, a guerra e o dominio dos pobos. Forman parte de discursos estereotipados, que hai que ler de forma invertida. Non son discursos de liberación, son de opresión, dominio e mentiras.

O irracionalismo domina o discurso político do imperialismo. O providencialismo subxacente na “democracia” americana exprésase hoxe máis abertamente que nunca. Deus está con eles. O fundamentalismo relixioso de base cristiá e xudía serve de xustificación para a persecución dos discrepantes, de toda conduta ou moral non adecuadas á norma. A confusión cínica de poder e relixión, para consumo das masas, axita co medo, a intimidación, a inseguridade e o etnocentrismo.

A orde internacional está ditada polos intereses dos EUA e pola manipulación da ONU ao seu servizo, coa conivencia ou pasividade doutras potencias menores. Deste xeito, a soberanía dos pobos é desacreditada e atacada sen tapullos. A subordinación imponse como norma. A posta en cuestión desta orde internacional resulta perigosa. Provoca ameazas e represalias. Os espazos de decisión política autónoma son vistos como a maior ameaza para a globalización transnacionalizadora imperial. Eis por que as campañas antinacionalistas están máis exacerbadas que nunca e entran a formar parte esencial dos discursos imperialistas dominantes.

A forza constitúe o argumento e o medio expeditivo para exercer o dominio, so capa de valores humanos que se consideran incuestionábeis. Quen está armado até os dentes e usa desta forza agresivamente impón aos demais a imposibilidade de

armarse adecuadamente. Ataca, sen declarar a guerra, os discrepantes, ou simplemente os que, coa súa autonomía, desafían os intereses do Imperio. A “guerra preventiva”, ilegal desde o dereito e o criterio internacional, forma parte do discurso cínico e mentireiro que xustifica unha agresión armada como medio para evitar un mal maior, o suposto uso de armas de destrución masiva por parte dun Estado ao que se cualifica previamente de terrorista. E tamén se xustifica como o único instrumento eficaz para liberar os pobos deses Estados maléficos, de reximes acusados de seren tiránicos e ditatoriais. Porén, os motivos para intervir en calquera parte do mundo non están nun xeneroso afán de liberar os pobos e establecer a democracia. Os réximes máis tiránicos e opresivos son precisamente amparados por EUA en áreas xeográficas nas que intervén militarmente contra un Estado catalogado como terrorista e representación do mal, caso de Oriente Medio (Arabia Saudita, Paquistán, o Afganistán dos talibáns, emiratos árabes, ...). Os motivos reais da denominada “guerra preventiva” están no dominio de importantes zonas estratéxicas, na eliminación de espazos de libre decisión e no control dos recursos enerxéticos.

Foi primeiro a guerra contra Iugoslavia, nunca autorizada pola ONU, auténtica mostra de inxerencia de varias potencias europeas, comandadas pola OTAN, coa participación entusiasta dos EUA. Máis tarde agudizouse o embargo xa histórico contra Cuba. Finalmente, fóronse concretando os planos de agresión definitiva en Oriente Medio coa guerra e ocupación de Iraq, en contra de toda legalidade internacional, após a inxerencia e a ocupación de Afganistán con exércitos da OTAN. Os golpes de Estado, a inxerencia nos asuntos internos, a ameaza aberta ou solapada, as sabotaxes, o terrorismo, a propaganda descualifica-

dora, son armas a utilizar contra réximes ou gobernos e dirixentes políticos, mesmo lexitimados polas urnas, que non se someten plenamente (Venezuela), resultan potencialmente perigosos ou non son xa funcionais (Haití). A inxustiza e a dupla vara de medir caracterizan o escenario internacional. Non existe solución para o problema do pobo palestino, no seu afán por autodeterminarse e posuír un Estado propio en Terra propia, a pesar da legalidade internacional e das resolucións da ONU. É masacrado continuamente, abocado mesmo a un terrorismo desesperado, perante a prepotencia envalentonada dun Israel armado até os dentes que practica o terrorismo de Estado en continua violación dos dereitos humanos máis elementares. Palestina converteuse así no símbolo desa dupla vara de medir, nunha zona do mundo que é obxectivo privilexiado da forza imperial para asegurar un *status quo* inxusto e opresivo que garanta os intereses do Imperio.

A imposición dunha política agresiva tan descarada necesita unha xustificación intimidadora e paralisante dos pobos, incluído o dos EUA, e dunha manipulación eficaz dos organismos internacionais. A loita contra o terrorismo, como fenómeno supostamente mundial, após os atentados do 11 de setembro de 2001 en Nova York, xustifica o recurso á guerra contra os que previamente sexan declarados Estados terroristas, eixos do mal, malia afirmarse ao mesmo tempo que o terrorismo non ten fronteiras, nin rostro nin orixe precisas. Pode aparecer en calquera parte. O seu obxectivo é acabar coa civilización, cos valores occidentais, representados xenuinamente polos EUA. Un maniqueísmo obscuro e irracional instálase así na política internacional para poder actuar con violencia e guerra contra un inimigo impreciso, que se apón ou identifica cun Estado particular,

cando conviñer. Esta guerra a escala planetaria, mais perfectamente localizada e proxectada contra pobos e réximes concretos, fundaméntase no dereito a atacar sen ser atacado, desprezar os organismos internacionais ou manipularlos; isto é, practicar un unilateralismo despiadado. Non é de estrañar que esta forma de conducirse leve á involución democrática no interior dos EUA e mesmo dereitización da política internacional, na medida en que sucumbe á chantaxe tan irracional como de obxectivos precisos claramente antidemocráticos.

O problema do terrorismo converteuse así no cerne de tanta confusión e manipulación, como as que estamos a vivir. Hoxe está claro que a explotación de atentados terroristas para fins políticos de grande calado forma parte dos deseños imperiais. A utilización dos atentados do 11 de setembro polo Goberno dos EUA e a súa incapacidade para dar unha explicación mínimamente coherente e críbel sobre a súa preparación, o seu desenvolvemento, a súa autoría e os seus protectores, por non dicir para coller a quen foi sinalado como suposto responsábel e inspirador ou para entendermos tanta impotencia para previr e actuar defensivamente naquel momento, resultan sintomáticas. Obxectivamente, hai actos terroristas que serven ao Imperio. No Estado español comprobamos como foi moi rendíbel a actividade terrorista para un determinado Goberno que converteu este problema non só no único problema, senón que achou nel un filón para xustificar todo tipo de tropelías antidemocráticas, hostilizar o nacionalismo e finalmente a todos os discrepantes.

Neste contexto, hai pobos que se ven forzados a utilizar a violencia como arma de defensa contra a inxerencia e a guerra e a ocupación ilexítima e ilegal do seu territorio polas forzas do

Imperio, de forma ilexítima e ilegal. Teñen dereito a defenderse e defender o país da ocupación. É a súa unha guerra de liberación. Os agresores deben ser combatidos. Non é posíbel, nesta situación, que a desigualdade de poder militar, o uso da tortura, a violencia indiscriminada, o afán por impor un goberno títere, non provoquen a reacción organizada ou desesperada, con recurso a todo tipo de medios. A situación de Iraq ilustra sobre a lexitimidade do recurso á defensa propia, á insurxencia, contra uns agresores que non dubidaron nin dubidan en empregar os métodos máis expeditivos para controlar o país.

Os maus tratos, os abusos, as ameazas forman parte consubstancial da ocupación. Abu Ghraib non é máis que a punta dun iceberg que se estende por todo Iraque. Os EUA están á marxe da legalidade internacional. Poden violala pola súa forza intimidatoria e porque hai dúas varas de medir morais. As súas violacións esmagadoras de todos os dereitos nunca terán críticas políticas, nin descualificacións oficiais doutros Estados, nin dos organismos internacionais. Non hai responsabilidade do Goberno americano nas torturas espantosas do cárcere de Abu Ghraib nin de Guantánamo. Para o sistema son casos atribuíbeis a condutas individuais. Non son produto dunha filosofía que parte do criterio de que se pode facer o que se queira para conseguir a infiltración, a delación, o medo, o servilismo e a intimidación dun pobo ocupado por un exército estranxeiro. Expresan a loucura e a perversidade dun deseño imperial.

Non cabe máis que afirmar que os EUA representan un imperio militarista, controlado por plutócratas e recuberto de fraseoloxía neoliberal. A denominada democracia americana asenta en grandes medios de desinformación das masas; na falta de informa-

ción, no maniqueísmo manipulador (todo o que os critica é mau), o auto-engano produto da soberbia, na exacerbación do odio, especialmente contra o mundo musulmán, no etnocentrismo (eles son o centro, a medida e a verdade do mundo), nun sistema electoral viciado que, a maiores, é falsificado. A doutrina da seguridade abafa e oculta o dereito á liberdade do pobo estadounidense e doutros pobos do mundo, nomeadamente os directamente agredidos e masacrados polo seu afán de dominio e explotación. Como modelo para o mundo non deixa de lembrar as proclamas nazis, embora aparente xustificar, en parte, noutros valores o seu imperialismo.

Malia o seu poderío, este modelo ten graves contradicións e é letal para a Humanidade. O combate político do nacionalismo contra este deseño ten campo aberto: a) contando coas contradicións coas potencias imperialistas menores; b) potenciando e colaborando desde o noso país á capacidade mobilizadora de amplos sectores da sociedade no mundo contra a guerra imperialista e en prol da paz; c) defendendo réximes políticos existentes, coa soberanía como fundamento e a xustiza social como aspiración, xurdidos malia o deseño imperial; d) avanzando na consolidación do movemento nacionalista na Galiza, coa democratización da nosa sociedade e na posta das súas institucións ao servizo do pobo galego, da paz e da igualdade entre nacións; e) influíndo na conformación dunha política internacional do Estado español favorábel á paz, á solución dialogada dos conflitos no mundo, multilateral e non unilateral, coa restauración da legalidade internacional; f) contribuíndo a informar verazmente, posicionándonos contra a propaganda intoxicadora e a mentira en todos os foros sociais e nas institucións. Os deseños para o mundo non poden ser obra dunha grande potencia. A Humanidade non pode descansar na mentira, no medo, na ameaza, na agresión e na opresión dos pobos.

3. A BATALLA POLA CONFORMACIÓN DUN ESTADO PLURINACIONAL COMO FUNDAMENTO DUN ESTADO REALMENTE DEMOCRÁTICO. AS NECESIDADES PARA A EXISTENCIA MATERIAL DA GALIZA

3.1. Reforma constitucional e status político de nación para a Galiza

A conformación do Estado plurinacional comeza pola reforma da Constitución ou pola modificación dos Estatutos? En boa lóxica política, do punto de vista nacionalista, a segunda opción é a correcta. Unha autonomía condicionada pola Constitución do Estado significa a renuncia expresa á soberanía nacional. A clave está na atribución da soberanía. Por iso un xornal adaíl do españolismo editorializaba a altura do mes de outubro que o modelo constitucional debe ser previo a calquera reforma estatutaria. É o pensamento propio dunha concepción unitaria do Estado, que ao máis que está disposto a chegar é a unha rexionalización que poida adiar a súa reformulación nunha estrutura plurinacional. Non é utopía a alternativa nacionalista. Mesmo nun contexto próximo, unha Alemaña lingüística, cultural e politicamente máis homoxenea, as constitucións son dos Estados federados, e da Federeción a Carta Fundamental de Bonn.

Iniciemos a batalla por definir o modelo de Estatuto. Vámoslle chamar así por concesión a unha linguaxe xurídica en uso, inapropiada para as pretensións soberanistas. Na Galiza temos un antecedente valioso nas “Bases Constitucionais”. Non se trata de retomar un texto elaborado para unhas circunstancias históricas distintas. Engadindo e corrixindo o que a prudencia política aconselle, na alternativa nacionalista para a ruptura democrática temos o método no que pode encaixar o noso modelo actual.

Fagámolo sen interferencias nin condicionantes externos. É isto un exercicio de soberanía. É a única maneira de pór en práctica o principio e o dereito de autodeterminación. Antes de negociar debemos saber o que queremos reclamar e o que estamos dispostos a ceder. Non se nos pode negar esta liberdade, pois negar a liberdade significa negar a democracia.

Esa é a vía. Unha Constitución derivada dos Estatutos e non á inversa. Unha Constitución que poña en común o que é común para todas as nacións que integran o Estado, sendo estas as únicas lexitimadas para aprobar e modificar a lei fundamental. Así se fai nos Estados Federados. *Poden variar os métodos utilizados en cada momento polo nacionalismo para formular as súas reivindicacións, segundo as circunstancias políticas aconsellaren. Mais nunca deben contradicir nin perder a referencia da estratexia que acabamos de definir.*

3.2. A existencia económica, social, cultural e lingüística da nación galega

3.2.1. A situación socioeconómica da Galiza

Desde o anterior Congreso avanzou o proceso de integración de Galiza no marco europeo, estando a nosa economía máis condicionada polos deseños da política neoliberal, que recorta a un tempo as capacidades de desenvolvemento económico do noso país e os dereitos laborais e sociais. Podemos dicir que o chamado “estado do benestar” está en proceso de desaparición, ao darse unha total unidade de criterios entre as políticas económicas conservadoras e as da socialdemocracia; sacralízanse o mercado e o adelgazamento do Estado, sendo un feito real a privatización de

servizos sociais básicos de xeito directo ou cunha hipócrita “liberdade de elección” como no caso da sanidade e do ensino.

Ademais da desarticulación premeditada aos nosos sectores produtivos básicos, agrario e pesqueiro non se desenvolven outros alternativos. Pola contra, o proceso globalizador que leva á concentración da economía en función dos intereses do capital transnacional, dos EUA e dos países centrais da Unión Europea aumentou aínda máis a distancia entre a realidade da nosa economía e os ámbitos nos que se adoptan as decisións que nos afectan.

Así, o capital galego perde posicións fronte á introdución desde a década dos 90 de capital foráneo en moitos sectores (Kelsa nas fariñas, Carburos Metálicos nas ferroalixaxes, Corporación do Noroeste nos cementos, A Toxa Cosméticos, Banco Simeón, Tafisa, Barreras, Larsa, Caolíns de Vimianzo, Forxas de Galiza, Leyma, IASA, Santa Bárbara, Saprogal e un longo etcétera). A non constitución do grupo lácteo galego, *verbi gratia*, confirman as análises feitas polo nacionalismo hai anos de que no novo marco definido pola integración na Europa comunitaria significaba a asignación ao noso país dunha función de mercado para produtos foráneos e fornecedor de man de obra.

Hoxe, pese á percepción social maioritaria de que en Galiza vivimos mellor, o certo é que seguimos estando moi por debaixo da media do Estado español e de países da Unión Europea. Malia o aumento do PIB houbo unha regresión do peso dos salarios na renda nacional, de 48,3% do ano 1980 a 44,9% no ano 2000, aínda que medrou no mesmo período o peso porcentual na poboación activa dos traballadores e traballadoras por conta allea en vinte puntos. Con respecto a hai unha déca-

da, ás xornadas son máis longas, e a precariedade así como o incumprimento da lexislación laboral e os convenios colectivos atinxe todos os sectores.

Tendo en renda por persoa, como a media salarial, seguimos estando moi por debaixo do Estado español (79,3% e 83,77% respectivamente). Debemos sumar a estes datos a alta taxa de desemprego (12,74%) e de eventualidade (34,99%), moito maiores que as do noso entorno. O desemprego abrangue sobre todo as mulleres e a eventualidade a mocidade. Por se non abondasen estes aspectos negativos, continúa a emigración e unha parte dos asalariados carece de calquera tipo de contrato, e polo tanto de prestación sociais.

A privatización total ou parcial das prestacións sociais básicas aumentou a indefensión da clase operaria, como, por exemplo, acontece cos abusos cada vez máis frecuentes das Mutuas. Acrecentouse até límites insoportábeis a falta de garantía da aplicación da lexislación laboral e da aplicación da mesma en todos aqueles temas relacionados co ámbito laboral e a actividade sindical.

Coa nosa plena integración no espazo económico europeo, debemos ter en conta a influencia que sobre a nosa realidade están a ter cada vez máis fenómenos propios das dinámicas creadas nese espazo; o proceso de reestruturación permanente do sector de construción naval e a cada vez menor presenza de capital propio no resto de sectores produtivos poden vir acompañados por procesos de deslocalización derivados da ampliación do espazo económico europeo a países que ofertan custos de produción máis baixos. Sendo aproveitada esa ameaza de traslado das industrias para impor unha regresión dos dereitos e

condicións laborais da clase traballadora galega, feito que xa é unha realidade hoxe en países máis desenvolvidos que o noso como Alemaña ou Francia.

Un país como o noso, situado na periferia da Unión Europea, non ten futuro se non dá volta á situación, e urxe facelo, visto que cada vez é máis preocupante a resignación instalada en sectores da nosa poboación, que asumen como lóxico e inmutábel un horizonte de subsidios e subvencións como único xeito de sobrevivir. A idea transmitida polo españolismo de que Galiza precisa da esmola para poder seguir adiante, dado que nós nin temos capacidade produtiva nin somos quen de atopar saídas á actual situación de empobrecemento, danan de xeito grave o proceso de toma de consciencia do noso pobo. É fundamental xunto co labor pedagóxico de explicación de que a nosa situación é debida a uns deseños políticos e económicos determinados outro labor parello de vertebración da nosa sociedade e de descubrimento das nosas potencialidades. Para isto, precisamos da conquista de espazos de poder propios en todos os ámbitos, tanto no institucional como no social.

O nacionalismo galego non pode limitarse ao combate defensivo. É certo que precisamos seguir dando respostas ás necesidades do día a día mais esa resposta ao inmediato debe combinarse co deseño de estratexias para acadarmos obxectivos a medio e longo prazo. Para iso é fundamental o afortalamento das organizacións de masas nacionalistas; canta maior introdución social teñan maior resistencia poderemos ofrecer ás políticas lesivas para cos nosos intereses, e en mellor situación estaremos para avanzar. Se a unión do nacionalismo foi sempre necesaria, hoxe éo máis que nunca; respetando sempre a autonomía de decisión e de actuación de cada un no seu ámbito, mais tendo claro que o

proceso de autodeterminación do noso pobo só poderá avanzar se todos e todas, persoas e organizacións que acreditamos nesa Galiza soberana e sen explotación, traballamos coordinadamente.

3.2.2. A situación do agro

Na actual etapa de desenvolvemento do capitalismo mundial, coñecida como globalización neoliberal, a actividade agro-gandeira enfócase como unha actividade puramente comercial, que se ten de someter aos ditados dos grandes acordos internacionais (OMC) e non como o que tradicionalmente foi e debe seguir a ser, como a actividade produtiva que ten de servir para proporcionar á humanidade alimentos suficientes, sans, seguros e de calidade.

O que persegue o capitalismo monopolista con estes acordos é o control, a nivel planetario, do comercio, das materias primas e das industrias. Un dos instrumentos de dominio máis eficaz que neste momento está a empregar é o da implantación masiva das sementes transxénicas. Agora o que interesa é o control da biodiversidade, da auga e das sementes. Os organismos internacionais, tales como o FMI, BM, OMC, etc, e as políticas concretas nas que se plasman as súas recomendacións e acordos, como é o caso da Política Agraria Común (PAC), son usadas como instrumentos para aplicaren este deseño, que consiste en inserir a actividade agro-gandeira nesta nova fase de internacionalización do capital.

O papel agrario que se ten asignado a Galiza no contexto da Unión Europea é a de fornecedora de materia prima barata a meio da produción de madeira de crecemento rápido co fin de satisfacer a demanda que neste sector ten a UE. Ao mesmo

tempo que a produción agro-gandeira está a sufrir a súa plena inserción no modo de produción capitalista, ben a medio da irrupción directa do capital (bancos e grandes empresas), maioritariamente foráneo, como acontece no sector do viño, ou ben polo papel marxinal que se asigna ao sector produtor, ficando este como mero subministrador de materias primas, sen posibilidade de controlar o proceso produtivo (insumos, tecnoloxía, etc.) nin ter nada a dicir nos procesos de transformación e comercialización, caso do leite, horta, carne, pataca, etc. Outro aspecto importante deste proceso é a mercantilización do dereito a producir que está a provocar a concentración desta nas mans de quen ten recursos económicos importantes.

A plasmación práctica desta política de ataque aos intereses da Galiza concreouse, nestes últimos anos, na desaparición brutal e traumática de decenas de milleiros de explotacións, en case todos os sectores produtivos, sendo o máis afectado foi o leiteiro, xunto coa potenciación da forestación de terras agrarias. A función que está a desempeñar o actual Goberno galego, en todo este deseño, é a de colaborar na execución destes planos. A forestación de terras agrarias é responsabilidade da Xunta por aplicar submisamente directrices da Unión Europea. Coa chegada á presidencia da Xunta de Galiza de Fraga, asistimos a un acelerón, que se intensificou, aínda máis, cando o PP consegue a maioría absoluta a nivel estatal, acadando o seu punto máis alto coa represión exercida con motivo da “tractoradas” de 1998, que deixaron o sector leiteiro desunido e desorganizado, consecuencias que aínda hoxe se están a sufrir.

Perante desta situación só fica un camiño a transitar: o da soberanía nacional que no referido á produción agro-gandeira e

forestal se concreta na soberanía alimentar. Soberanía alimentar e soberanía política son as dúas faces dunha mesma moeda.

Soberanía alimentar entendida, de acordo coa definición adoptada na Declaración Final do Foro Mundial sobre a Soberanía Alimentar celebrado o 7 de Setembro de 2001 n'A Habana, como o dereito dos pobos a definir as súas propias políticas e estratexias de produción, distribución e consumo de alimentos que garantan o dereito á alimentación de toda a súa poboación, con base na pequena e media produción, mais tendo claro que a soberanía alimentar non significa autarquía, autosuficiencia plena ou desaparecemento do comercio agro-alimentar e pesqueiro internacional.

Partindo deste principio, fica claro que Galiza ten dereito a definir o seu propio modelo produtivo para o sector agro-gandeiro e forestal, que se asente nos nosos recursos e que ao mesmo tempo sirva para vertebrar o territorio, tendo como base un mundo rural vivo, onde a produción labrega sexa o modelo a seguir. Enténdese como modo de produción labrega, aquel que é sustentábel, con base territorial suficiente, respetoso co medio ambiente e que sexa capaz de xerar un desenvolvemento tecnolóxico acorde coas súas necesidades, que ademais de rexerse polos criterios de eficiencia económica, teña de conta tamén os criterios de eficiencia social e ambiental, tendo como obxectivo establecer estratexias comúns entre o sector produtor e industrial, coa intervención do Goberno galego, co fin de autoabastecer o mercado interior ademais de ser capaz de chegar a acordos cos mercados máis próximos. O desenvolvemento asente exclusivamente na exportación tende a destruír o mercado interior o que fai que a economía se torne máis depen-

dente das flutuacións do mercado mundial, controlado polas grandes trasnacionais.

O nacionalismo galego, na súa ampla expresión (política, sindical, social e cultural) non pode aceptar o papel que se ten asignado ao noso agro desde a UE e desde o Estado español coa colaboración do actual Goberno galego. A desaparición de explotacións e a desertización do rural leva aparelado un menor peso político e social e cultural. Recoñecendo esta realidade, o nacionalismo debe encarar o traballo político neste non desde a visión que aporte ao peso electoral senón da importancia que ten en si mesmo.

3.2.3. A situación do mar

Galiza conta cunhas condicións naturais absolutamente excepcionais para a produción pesqueira e marisqueira. As 19 rías do noso país conforman un dos ecosistemas mariños máis ricos, en termos biolóxicos e produtivos do mundo. Nelas –e no resto do noso litoral- traballan milleiros de homes e mulleres dedicadas profesionalmente á pesca de baixura (con aproximadamente 7.000 embarcacións), ao marisqueo a pé e a frote, á extracción de percebe, ao cultivo de mexillón e doutras especies, á captura de navalla, ourizo ou peneira con técnicas de mergullo, etc. A altísima capacidade produtiva que se rexista reflíctese só de xeito parcial na elevada facturación que presenta o sector, debido tamén a unha calidade e prestixio dos produtos pesqueiros e marisqueiros extraídos que son internacionalmente recoñecidos.

Esta situación xerou, historicamente, unhas condicións favorábeis para a aparición e desenvolvemento dun sector pesqueiro de altura e grande altura que opera practicamente en todos os

mares do mundo, en caladoiros internacionais e en augas de terceiros Estados cos que existe acordo pesqueiro. Así, conta Galiza cunha frota conxeladora que faena fundamentalmente no Atlántico Norte (NAFO) e Sul; buques de palangre de superficie no Índico, Pacífico e Atlántico; a frota do Gran Sol; unidades atuneiras conxeladoras; a frota bacaloeira, que traballa perto do Círculo Polar Ártico; e pesqueiros que faenan en Portugal, Mauritania, e en moitos outros lugares da costa africana.

Estes factores, entre outros, converteron á nosa nación nunha potencia pesqueira en canto á produción, calidade, e pola súa importancia económica, social e de emprego. A día de hoxe, Galiza é o país, en todo o ámbito da Unión Europea, máis dependente da actividade pesqueira, aínda que de xeito escandaloso a UE se negue a recoñecer formalmente esta realidade.

Porén, e malia estas condicións obxectivas favorábeis para a consolidación e avance da actividade pesqueira, do denominado complexo mar-industria, e do “efecto dominó” que se xera noutros sectores e subsectores da economía galega (que emprega 120.000 persoas), existen tamén obstáculos importantes –moitos deles no plano político- que impiden e dificultan o desenvolvemento deste sector.

A Política Común de Pesca vixente no ámbito da Unión Europea discrimina aberrantemente o sector pesqueiro galego, mesmo en augas comunitarias. Existen áreas nas que a frota pesqueira galega ten expresamente prohibido pescar, mentres frotas doutros Estados (algúns deles extracomunitarios!!) si poden facelo. Hai acordos de pesca subscritos pola Unión Europea –caso de Groenlandia- nos que a nosa frota non pode acceder (malia a existencia de dereitos históricos), e si pescan buques franceses,

daneses, británicos e alemáns. Decisións non fundamentadas en análises rigorosas, como o recorte de 65% da cuota de captura de fletán negro na área NAFO para as froas galega e portuguesa recibiron o apoio entusiasta da Comisión Europea, Goberno español e Xunta de Galiza, empregándose mesmo coartadas presuntamente progresistas e aparentemente ecoloxistas como a representada por Greenpeace para xustificar o desmantelamento do noso sector pesqueiro. Neste momento, e por razóns de diverso tipo en cada caso, practicamente ningún segmento das froas de altura e longo alcance se salvan duns problemas que en ocasións ameazan a propia viabilidade desta actividade en caladoiros concretos. En concreto, desde o ingreso do Estado Español no Mercado Común Europeo –1986- Galiza foi o país, en todo o ámbito europeo, que desguazou e exportou máis buques, sufriu máis descensos no volume de capturas, e perdeu máis postos de traballo no mar. Non existe outro exemplo comparábel de redución, mentres simultaneamente, froas como a holandesa, irlandesa ou fundamentalmente a danesa, multiplicaron. Ao tempo, incrementáronse notabelmente as importacións de produtos pesqueiros. Casos como a expulsión da frota conxeladora de Namibia (1990), o fin do acordo pesqueiro con Arxentina (1995), a expulsión do banco canario-sahariano (1999), e de Angola (2004), e o empeoramento das condicións no Gran Sol, Senegal, Cabo Verde, etc., certifican a corrección desta análise.

Mención especial merece a avaliación das consecuencias da catástrofe do Prestige sobre o sector da baixura e o marisqueo. Dos propios datos oficiais dedúcense importantes perdas produtivas e económicas para o sector, e a constatación da afección sobre o ciclo reprodutivo de numerosas especies, que incidirá no

recrutamento de xuvenís, e alongará a situación de merma produtiva durante anos. Neste contexto, estase a detectar unha sangría constante de postos de traballo e abandono de embarcacións no litoral, cunha actitude da administración autonómica aberta e ferventemente partidaria deste proceso de aniquilación da nosa base produtiva.

O nacionalismo galego debe afrontar este contexto incidindo nas chaves políticas que provocan unha situación de deterioración que non ten a ver coas potencialidades reais de Galiza neste terreo. Moi pola contra, a pesca e o marisqueo teñen futuro, e vizoso, se somos quen de construír as condicións políticas que permitan defender estas actividades, valorizalas e desenvolve-las. Na Galiza pódense xerar postos de traballo dignos no mar, incrementar a produción e mellorar a súa comercialización. Mais para a consecución deste obxectivo cómprenos soberanía.

3.2.4. A situación do noso idioma

No presente hiper crítico que vivimos as galegas e os galegos, no tocante ao idioma, continúan vivas dúas necesidades imprescindíbeis para o mesmo: popularización e prestixio. Cómpre moita máis extensión social, moita máis capilaridade na utilización social da lingua. É preciso descer dunha vez da repetición rotineira e letal do enunciado dos usos que o galego xa ten, porque o que importa é perguntármonos polos que aínda non ten, podendo telos, legal e lexitimamente. Compracérmonos co que o galego xa acadou, coas aplicacións tópicas e redundantes, é estupefaciente: obvia ou esquece datos clamorosos de perda de falantes, de estrañamento da mocidade para co galego, de fractura da transmisión xeracional, de ser, aínda, o galego, en tantos ámbitos e interaccións, lingua *underground* ou simplemente

inexistente. A política oficial, após máis de vinte anos de institucionalización autonómica (Estatuto de Autonomía, 1981; Lei de Normalización Lingüística, 1983), raia na culpa delituosa. Non foi só pasiva e desidiosa, senón ilegal a respecto das súas propias prescricións e contraria a calquera intento exterior de mínima galeguización.

Lembraremos que o estúpido ideoloxema do bilingüismo harmónico que, con toda a deliberación, foi consigna da etapa Fraga á fronte da Xunta de Galiza, por sobre ser unha asneira científica ou sociolingüística, é alleo por enteiro a calquera texto legal. Eles, os textos legais, falan de cooficialidade, de ampararen, protexeren e fomentaren o uso do galego. Ulo bilingüismo? Ula “harmonía” ideal dun suposto *metade-metade*? Con semellantes políticas á contra, non é de estrañar que chegásemos á situación de encistamento e de penuria en que nos encontramos. Porque, con efecto, a política oficial en materia de normalización do galego (e a das institucións ou entidades paraoficiais que calaron, outorgaron, cobraron desta política e ollaron sempre para outro lado cando reiteramos alarmas e alertas) foi e funcionou como unha auténtica contra. Dela derivan moitos males que caracterizan a situación actual. Mais este diagnóstico non pode funcionar para nos, nacionalistas, como unha permanente coartada xustificatoria que nos leve á pasividade ou á resignación. Na política nacionalista, a lingua e a súa propaganda activa deben volver ocupar a centralidade que sempre definiu o nacionalismo. Propaganda activa, asunto político de primeira orde, recordo permanente, que non se compadecen coa política, tamén practicada por nos, da homenaxe, da efeméride, do ritual e da acomodación biográfico-endogámica. Entre as declaracións vacuas, a política de xestos

ou inexistente dos poderes públicos e o nada, hai camiños transitábeis politicamente: non é, en absoluto indiferente conseguirmos, dun curso escolar para o outro, máis docentes en galego; non é indiferente que se galeguicen actividades comerciais ou deportivas, como non o son tantas e tantas outras iniciativas que as e os nacionalistas non debemos confiar só a unha meritísima asociación para que ela, en solitario, faga o que nós non facemos. PP e mais PSOE non se distinguen, mesmamente, polo seu espírito e a súa praxe legal a respecto do idioma. Se nós ignorarmos a utilización da cativa lexislación de que dispomos na dirección favorábel á normalización do galego, estaremos desautorizando a nosa propia historia, condenando ao fracaso tanto traballo acumulado nas décadas inmediatamente anteriores e acomodándonos a un funcionamento que pode conducir, inexorablemente, á irlandesización do idioma. *A política responsábel pasa, portanto, por volver coller as rédeas nesta cuestión e por, dunha forma práctica e constante, procurar espazos de normalidade e de naturalidade para a lingua e para todas as producións culturais que nela se desenvolven.*

3.2.5. A situación da mocidade

A situación da mocidade vén caracterizada por evidentes retrocesos, tanto no que atinxe ás condicións materiais de vida como no campo da súa consciencia.

O ensino segue a ser un dos instrumentos máis eficaces de españolización e de selección social. Nos últimos anos impúxose un modelo competitivo e privatizado, cun aumento progresivo de fondos públicos desviados cara ao ensino privado, un mapa de ciclos formativos que deixa milleiros de solicitantes fóra da súa

opción preferente, unhas universidades ao borde da crise económica que aumentan as taxas universitarias cada ano, cun sistema de bolsas deficiente e que non se adapta á realidade económica galega. Toda a planificación educativa, docente, etc... está elaborada de costas á realidade de Galiza. No que atinxe á lingua, a Xunta segue a incumprir a súa propia lexislación –raquítica de por si- e constátanse evidentes retrocesos, que converten a 20% dos mozos entre 15 e 19 anos en analfabetos funcionais en galego. Os referentes históricos, culturais, sociais, veñen marcados sempre pola españolización.

Á hora de rematar os estudos, a inserción laboral prodúcese nunhas condicións moi difíciles, que explican o prolongamento da mocidade como etapa de dependencia. As dificultades para atopar o primeiro emprego, o desemprego, os baixos salarios, a precariedade, a temporalidade e a emigración son as características máis notábeis do emprego xuvenil. As mozas sofren con maior intensidade a precariedade laboral, en forma de salarios máis baixos, discriminación por razón de xénero, economía submerxida, etc... As características deste emprego conducen a mocidade a unha vulnerabilidade que impide desenvolver un proxecto vital autónomo e dificultan a solidariedade entre as/os traballadores, que tenden a resignarse a un traballo en máis condicións, cun salario de miseria, por un pánico ao despedimento, á non renovación do contrato, etc... No caso da vivenda, a especulación elevou os prezos constantemente mentres os salarios apenas mudaban e a inestabilidade laboral se convertía en norma.

O modelo de ocio non parte da propia iniciativa espontánea da mocidade, tal como se nos quere facer pensar, senón que está

elaborado, deseñado e comercializado desde o centro do sistema, e a maioría dos referentes son alleos á cultura propia e a lingua, como no caso da música, o cinema, a televisión, etc... Ademais, o ocio xuvenil foi fortemente criminalizado.

A participación política da mocidade está moi condicionada a momentos de gran intensidade (o movemento Nunca Máis, as mobilizacións contra a guerra, as folgas xerais, o movemento anti-LOU) nas que o nacionalismo conta cunha grande participación. Nestes movementos, de carácter masivo, existe unha evidente tendencia á “despolitización”, a reducilos a unhas demandas puntuais por un problema concreto, no cal a participación de movementos máis ou menos politizados (especialmente o nacionalismo) chega a ser un punto de conflito. Ao longo do ano a participación política ou social é moi baixa; as asociacións xuvenís son moi poucas e a Xunta mantén unha política claramente dirixista.

3.2.6. A situación das mulleres

As mulleres seguen a ser froito dunha discriminación patriarcal que as invisibiliza e as illa do tecido social e do mundo laboral.

A utilización dunha linguaxe sexista exclúe as mulleres, dificulta a súa identificación ou asócia a valoracións negativas. O seu emprego é discriminatorio e parcial, impondo barreiras inxustas ao desenvolvemento persoal e colectivo. Se temos en conta que homes e mulleres temos o mesmo dereito a ser e a existir, cando non se nomea esta diferenza, estamos vulnerando un dos dereitos fundamentais: o da existencia e representación da existencia na linguaxe.

Se queremos avanzar no camiño da efectiva igualdade entre mulleres e homes debemos combater tamén a discriminación na linguaxe. A linguaxe sexista perpetúase a través da historia, da sabedoría popular, da literatura, nos medios de comunicación, a través dos xogos e dos xoguets, pero tamén nos libros de texto e nos dicionarios. Na UPG todas e todos debemos erradicar do noso comportamento lingüístico expresións e termos susceptibles de transmitir estereotipos sexuais para evitar mediatizar as persoas que temos ao noso arredor.

As mulleres no país seguen a sufrir os máis altos niveis de desemprego e discriminación laboral, afectando tanto as mozas como as maiores, ostentando a porcentaxe máis elevada de precariedade, tanto no que se refire aos salarios como ás condicións laborais, estando moitas delas inmersas en economías sumerxidas, ou afundidas no limiar da pobreza. O Goberno galego deberá analizar o problema e aplicar medidas paliativas desta situación (programas de fomento do emprego feminino, medidas reais de conciliación da vida familiar e laboral..)

A violencia de xénero é un problema que non se cinxe ao ámbito privado, senón que afecta toda a sociedade en xeral, sostido pola situación de desigualdade das mulleres. A UPG afirma o seu compromiso coa busca de solucións que afronten o problema dun xeito integral: preventivamente, abordando o traballo desde o ensino aplicando a transversalidade, a través da educación en igualdade e na prevención de condutas violentas, denunciando a imaxe sexista que desde os medios de comunicación se está a abordar, xunto coa difusión a través de campañas de conscienciación deste problema, e unha vez ocorrida a violencia, a través dos recursos de atención ás vítimas.

3.3. Autogoberno e transformación social e cultural da Galiza

Galiza precisa con urxencia dun cambio contundente en moitas das súas políticas económicas, sociais, lingüísticas e culturais. Non é intención –nin función– da UPG describir aquí cales son estas, pola contra si queremos sinalar un conxunto de iniciativas que deben verificar unha transformación necesaria no futuro inmediato.

3.3.1. Na área industrial, enerxética e tecnolóxica

- *Defensa dos dereitos a producir e traballar no país reivindicando a presenza dunha política industrial activa* que combinando adecuadamente medidas de carácter sectorial e horizontais, permita aos sectores produtivos galegos superar retos como a vindeira ampliación comunitaria e avanzar na converxencia real, e que estea orientada: a) á ampliación e diversificación do sector manufactureiro cuxo peso relativo no PIB galego é moi inferior ao existente nos espazos avanzados especialmente nos ámbitos de intensidade tecnolóxica alta e media; b) ao crecemento económico e do emprego, que permita superar a raquíta taxa de ocupación galega e a súa actual incapacidade para dar emprego estábel e de calidade para a súa poboación activa; c) á súa modernización a través do impulso de investimentos en desenvolvemento científico, tecnolóxico, da formación e da cualificación, que faciliten a adopción de novos métodos de produción e formas de organización máis eficientes que potencien a capacidade de innovación e así mesmo a incorporación efectiva nas empresas das tecnoloxías da información e comunicación (TIC); e d) ao equilibrio territorial, a través da consolidación de sistemas produtivos locais e o aproveitamento económico e social dos recursos endóxenos locais.

- En relación coas grandes empresas presentes na economía galega, sexan públicas, privatizadas ou privadas, é preciso *desenvolver unha estratexia orientada á culminación dos ciclos produtivos*, ampliando a cadea de valor xerada no noso país, a implantación de departamento de investigación no mesmo, así como o establecemento de acordos reglados coas súas empresas subcontratistas e provedoras locais e galegas, na procura da mellora da produtividade e da calidade dos produtos e servizos.
- Promover a *conformación de redes de empresas de carácter horizontal*, dada a limitada dimensión da maioría das empresas –pequenas e micro-empresas– que compoñen o tecido produtivo galego, impulsando a formalización de acordos entre empresas, que afectarán, segundo os casos, o ámbito produtivo, o comercial, o tecnolóxico, o de formación, o de enxeñaría e o de deseño, baseados na reciprocidade de vantaxes e na procura de sinerxias, que favorezan a súa posición competitiva.
- *Defensa do incremento dos recursos dirixidos á investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i)* evitando a súa histórica e actual concentración especialmente en Madrid, acrescentando a participación galega neles como unha medida adicional que sirva para superar as debilidades presentes no sistema de innovación galego nos ámbitos infraestruturais, de gastos en I+D, de persoal e resultados, elemento crucial para o incremento do número de empresas innovadoras, a promoción de sectores emerxentes e a consolidación das industrias hoxe presentes na nosa economía, especialmente as pequenas e medianas empresas. Apoio a medidas de potenciación e creación de novas infraestruturas de apoio á innovación e prestación de servizos tecnolóxicos, a difusión das innovacións no tecido empresarial, e o fomento da cooperación entre Universidades, Centros de

Investigación e Tecnolóxicos públicos e privados e Empresas, co obxectivo de resolver a medio prazo a drástica diverxencia galega neste ámbito cos niveis existentes no Estado e na UE.

- Debe perseverarse na denuncia de que, a pesar de ser Galiza un país excedentario na produción de enerxía eléctrica e realizar unha transferencia monetaria gratuíta ao resto do Estado a través da histórica instauración da tarifa unitaria, o nivel de subministración eléctrica no noso país á aínda moi deficiente, nomeadamente nas zonas rurais, polo que *se instará a que os Reais Decretos que fixan anualmente a tarifa eléctrica integral inclúan partidas dirixidas a planos de electrificación e de mellora de subministración eléctrica nestes ámbitos rurais*. Realización das actuacións políticas necesarias para que a Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética para o período 2004-2012 no contexto dunha política enerxética racional, inclúa as medidas necesarias para promover o aforro de enerxía, impulsar unha utilización máis eficiente da mesma, fomentando dun xeito racional as enerxías renovábeis, diminuír a intensidade enerxética do sistema económico galego, e en situar a prevención e avalización dos impactos ambientais, a integración medioambiental e un desenvolvemento sustentábel eficaz e real, como alicerces da mesma.
- *Realizar as actuacións precisas para que o conxunto das políticas redistributivas da UE e do Estado* (conxunto dos Fondos comunitarios; Fondo de Compesación e Complementario; política de incentivos rexionais; investimentos reais públicos consolidados do Estado, así como doutros entes e sociedades empresariais que non consolidan; transferencias derivadas das políticas ministeriais ou de convenios de investimento), *se fundamenten nun criterio de distribución territorial* que teña en conta as carencias e

necesidades relativas existentes, a participación relativa poboacional galega, o maior custo relativo de dotación no noso país de todo tipo de infraestruturas necesarias para o desenvolvemento económico e social, así como a menor renda por habitante a respecto das medias estatal e comunitaria, facilitando que Galiza sexa capaz de avanzar na converxencia real.

3.3.2. Na área agraria

- Faise necesario intentar unha nova reformulación da Política Agraria Común (PAC) que teña como horizonte camiñar cara a unha redistribución das producións, que implica un control das mesmas ligado a uns prezos mínimos. *O establecemento de prezos mínimos ten de servir para garantir unha Renda Agraria que cubra os custos de produción e permitir ter un nivel de vida digno.* Chegar a un acordo de prezos mínimos é algo factíbel, tendo de conta que desde o propio Ministerio de Agricultura lanzou a mensaxe de que é oportuno chegar a ese tipo de acordos.
- Ligado co anterior, débense *estabelecer mecanismos que regulen a compra-venda dos actuais dereitos de produción* (cotas do leite, dereitos de subvencións para o vacún de carne e dereitos de plantación en viñedo).
- Outra das medidas longamente reclamadas desde o sector produtor ten a ver *coa posta en marcha dunha política activa que regule e mobilice a base territorial.* Se queremos ter unhas producións máis respectuosas co medio ambiente e ao mesmo tempo menos dependentes dos grandes agro-negocios, é obrigado ir cara a unhas explotacións que obteñan a base da súa alimentación na súa propia explotación.

- Nestes momentos deberemos impulsar *unha moratoria, no camiño da súa prohibición definitiva, no emprego das sementes transxénicas (OMX)*. Os argumentos para axir nesta dirección asentan no principio de precaución e seguranza, na medida en que cos coñecementos actuais aínda non están claras as repercusións que o seu uso encerra. Outro dos motivos é que o emprego de sementes transxénicas é unha fonte incontrolada de contaminación ao liberar no medio ambiente axentes (xens) que de xeito natural non se presentan, ao mesmo tempo que é imposible evitar que estas sementes se crucen coas sementes tradicionais, e tendo claro que aceptar esta tecnoloxía é someterse aos intereses das grandes multinacionais. Na medida en que a biodiversidade é patrimonio da humanidade, o seu control por parte destes grandes agro-negocios é un grave ataque á soberanía alimentar dos pobos.

- Un dos piares da nova reforma da PAC é todo o relacionado co chamado “Desenvolvemento Rural”, mais entendido este como algo estraño e alleo á actividade agro-gandeira. Tal e como nolo están a impor, está concibido non como un complemento da produción agro-gandeira, senón como un substitutivo da mesma. *O nacionalismo galego como proxecto político que aposta por desenvolver as nosas potencialidades de produción, transformación e comercialización non pode aceptar esta visión, promovendo, en troca, o desenvolvemento endóxeno.*

3.3.3. Na área lingüística

O “Plan Xeral de Normalización Lingüística” foi aprobado recentemente (Setembro 2004), por unanimidade, no Parlamento Galego. Para alén de vixilarmos e esixirmos o seu cumprimento e de aplicármolo nós mesmos, no que nos correspon-

der, eis as medidas mínimas que, xa, calquera goberno galego deberá pór en práctica:

- *Aplicar este Plan de Normalización Lingüística inmediatamente, co desenvolvemento decretal e regulamentario que for preciso, en todos os ámbitos de uso que contempla, e con previsión do seu seguimento e avaliación do Parlamento galego.*
- Restaurar, de forma íntegra, a toponimia correcta.
- Galeguizar, de forma integral, o funcionamento interno e externo da Administración.
- Garantir a emisión total en galego dos medios de comunicación de titularidade pública, colocándoos ao servizo da exhibición, dignificación e divulgación das producións culturais galegas.
- Garantir a utilización oral e escrita da lingua galega por parte de todos os cargos públicos pertencentes á Xunta de Galiza no desempeño da súa función.
- Estabelecer medidas eficaces que garantan avances cualitativos na asunción da lingua galega como idioma vehicular do ensino, nomeadamente do ensino infantil. Cumprimento do plano xeral de normalización lingüística neste ámbito.

3.3.4. Na área cultural

- Partindo da importancia do noso desenvolvemento cultural, cómpre atendermos a un modelo de cultura en que Galiza e o galego sexan elementos centrais, entendendo ademais a necesidade de que se potencie o carácter estratéxico da cultura.
- Impulsarase a promoción e difusión das manifestacións culturais galegas na súa diversidade.

- Apoiaranse as manifestacións tradicionais da cultura popular galega (artesanía, música, folclore, festas populares...) e igualmente as expresións culturais de carácter experimental ou de vangarda (sobre todo no eido das novas tecnoloxías da información e comunicación).
- Potenciarase de xeito efectivo o tecido asociativo e todas aquelas dinámicas de base en materia cultural.
- É urxente a implementación de actuación de rescate e defensa do patrimonio cultural galego, así como de impulsar o seu coñecemento, difusión, comprensión e valorización por parte do conxunto do noso pobo.
- Desenvolveranse medidas que conduzan á consolidación no país de eidos como a música, literatura e o libro, as artes escénicas e visuais ou o cinema e o audiovisual, desde unha perspectiva da identidade cultural propia.
- Realizarase unha planificación cultural de contidos e infraestruturas que elimine carencias nesta materia e contribúa ao reequilibrio territorial da nosa nación.
- Coordinarase a política cultural con Concellos, Deputacións, academias, asociacións culturais..., para que o diñeiro público galego pague, protexa, exhiba e divulgue o valor do patrimonio histórico e artístico, o cinema, o teatro, a música.. producidas no país e en galego.

3.3.5. Políticas laborais e formación dos traballadores e traballadoras

Precisamos acadar competencias plenas nestas dúas materias e que se poñan en práctica desde unha perspectiva galega, de xus-

tiza e igualdade social, levando a cabo as mudanzas estruturais que foren necesarias.

Aínda carecendo de competencias esenciais, poden aplicarse hoxe políticas sociais e laborais que favorezan a xeración de emprego e a redución da precariedade.

- Un programa específico de formación e inserción laboral para os desempregados e desempregadas sen prestación económica, que leve parello cursos de formación, traballo comunitario e un salario de inserción laboral
- Creación dun salario social.
- Medidas encamiñadas a reducir a xornada laboral; eliminación dos contratos en precario, potenciando que os postos de traballo estábeis sexan cubertos con contratos indefinidos.
- Regulación restritiva das subcontratas e empresas de servizos, a fin de evitar a cesión ilegal de traballadores. Perseguir e sancionar as fraudes na contratación, na extensión da xornada laboral sen pagala, na economía submerxida, etc.
- Potenciar os servizos socio-sanitarios: residencias asistidas, hospitais de día...
- Creación dunha rede pública de garderías e escolas infantís con horarios amplos, e comedores, fórmula necesaria para compatibilizar familia e traballo.

A formación profesional é un dos aspectos a termos moi en conta, dentro das políticas activas de emprego. Hai que adaptala á realidade social e económica de Galiza, para que contribúa a dar solución ao problema do desemprego, á perda de poboación ocupada, etc.

- A integración dos tres subsistemas de formación profesional
- Transferencia da totalidade das competencias e recursos en materia de formación continua e ocupacional.
- A xestión ten que ter un carácter público e unha oferta suficiente, tanto en especialidades como a nivel territorial.
- Regular a participación das organizacións sindicais e empresarias nos subsistemas de formación continua e ocupacional.

3.3.6. Na área xuvenil

O Goberno galego deberá dotarse dun Plano de Emprego Xuvenil que vise a mellora da inserción laboral, na mellora das condicións laborais da mocidade, baseada nun Salario de Inserción Laboral e en medidas que penalicen a precariedade e a temporalidade, reducíndoa ao excepcional, e en medidas que reforcen a formación profesional. No ensino deberá impulsar unha Lei de Financiamento Plurianual do Sistema Universitario Galego que dotaría de recursos necesarios as universidades galegas; control e redución das subvencións ao ensino privado, ampliando o financiamento do ensino público e redefinindo a planificación educativa en función da realidade económica, cultural e social de Galiza; modificará o plano de ciclos formativos para cubrir a ausencia de prazas. Na vivenda, facilitarase o acceso ás vivendas de protección oficial para a mocidade, en base a criterios racionais que atendan á capacidade adquisitiva real, e perseguirase a especulación urbanística. Fomentar o asociacionismo e a autoorganización da mocidade de cara a crear verdadeiros órganos de representación para facer partícipe a mocidade de todas aquelas medidas de Goberno que a afectan directamente.

3.3.7. Nos medios de comunicación audiovisuais de titularidade pública

a) Radios e televisións públicas autonómicas

A UPG acredita en que os medios de comunicación de titularidade pública deben servir como instrumentos que contribúan ao desenvolvemento da identidade nacional de Galiza desde o respecto ás persoas, a defensa do dereito á libre expresión das súas opinións, o recoñecemento do pluralismo sociopolítico, a distinción entre información e opinión, e a non instrumentalización por parte dos gobernos, aplicando a Lei 9/1984 de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galiza.

É por iso que para a UPG, calquera Goberno galego deberá garantir a continuidade dos devanditos medios de comunicación, propiciando un marco de financiamento estábel, suficiente, e transparente para a sociedade, que permita unha maior autonomía financeira, e a independencia dos mesmos; promovendo, asemade, a mellora real dos seus recursos técnicos, a adecuación expansiva do seu cadro de persoal aos cambios tecnolóxicos en marcha, a mellora intensiva e extensiva da formación do mesmo.

Uns medios que, reforzando o seu papel de servizo público, porán en práctica as seguintes medidas:

- Galiza será o núcleo vertebrador da información. Orixe e destino fundamental da mesma.
- A información, de máximo rigor, será exemplo de pluralismo e obxectividade, e, polo tanto, antítese da apresentada nos modelos que conciben os medios de titularidade públicos como un mecanismo publicitario e propagandístico máis dos aparatos gobernamentais.

- O aumento cuantitativo, e funcional, do uso do noso idioma, e a súa mellora cualitativa, evitando a habitual concepción instrumentalista do mesmo, e garantindo a emisión total en galego.
- A programación de espazos de debate, tertulias, ou de formato similar, sobre determinados aspectos de interese social, cultural, político ...
- O acrescentamento notorio da programación de carácter cultural que promova un coñecemento de Galiza, do seu medio físico e paisaxístico, da súa historia, das súas actividades económicas, da súa produción científica, artística, literaria, teatral, audiovisual, etc.
- O crecemento da produción propia, sen renunciar á consolidación de industrias culturais nacionais (sector audiovisual, música, cinema, teatro e danza).
- 100% da publicidade en galego.

b) Radios e televisións públicas de titularidade estatal

A UPG estima que as radios e a televisión públicas españolas, nas súas desconexións para Galiza, incumpren o seu papel de servizo público e, como as autonómicas, están aqueixadas da síndrome da gubernamentalización.

Un goberno galego debería esixir :

- O incremento da cantidade de horas de emisión para o país nas respectivas grellas de programación, e posta en marcha dunha nova canle de radio.
- O aumento cuantitativo, e funcional, do uso do noso idioma, e a súa mellora cualitativa, evitando a habitual concepción instrumentalista do mesmo, e garantindo a emisión total en galego.

- O crecemento da produción propia: sector audiovisual, música, cinema, teatro e danza.

3.4. Nacionalismo, socialismo e democracia

Que o nacionalismo non significa socialismo resulta evidente. O segundo resolve as contradicións de clase, que poden subsistir despois de acadar a liberación nacional. Mais na práctica, existen entre ambos notábeis coincidencias e inclusive a vía socialista é a única posíbel para rematar coa dependencia económica e política, máxime na actual etapa de mundialización. Xa os clásicos marxistas cualificaron de obxectivamente revolucionarias as loitas de emancipación dos países do Terceiro Mundo, mesmo as lideradas por ideoloxías non declaradas socialistas. Por varias razóns. A principal de todas, por romper os elos que o sistema capitalista ten colocado na cadea do imperialismo. Teóricos burgueses que proclaman a superioridade do modo de produción imperante opinan que a única utilidade do socialismo é a de servir para acelerar e pór ao día as economías dos países atrasados e dependentes. Eis o nexos de unión do nacionalismo co socialismo.

Hai máis. *A soberanía implica un espazo propio de decisión, portanto contraditoria coa transnacionalización imperialista do capital. Non é posíbel soberanía política sen soberanía económica.* Non é posíbel pór freo ou disciplinar os monopolios que colonizan o país desde sistemas fundamentados na economía de mercado, rexido pola lei da oferta e a da demanda e non polo interese social da colectividade.

O problema fundamental dos países dependentes está no subdesenvolvemento. Como solucionalo? Os teóricos aos que no referimos antes puxeron o acelerador no socialismo. Con moita razón. O

desenvolvemento esixe fortes investimentos financeiros, inexistentes na economía interna por estar sometida á expatriación do excedente. Aínda existindo, o desenvolvemento debe centrar o esforzo na creación de bens de equipo, pouco ou nada atractivos para o capital privado por careceren de rendibilidade a curto prazo. De aí que o protagonismo do desenvolvemento do país teña que asumilo o sector público da economía. Isto chámase socialismo.

Pois ben, sendo diferentes, o nacionalismo precisa do socialismo para que os seus obxectivos sexan verificábeis.

4. UN PARTIDO ACTIVO DE AMPLA BASE SOCIAL

Nas teses do anterior Congreso significáramos as deficiencias de funcionamento que se facían máis evidentes nos órganos centrais do Partido, pois son estes os que tamén tiñan maior responsabilidade en corrixir a situación, dinamizando a súa vez os organismos territoriais e sectoriais.

Podemos dicir, pasados 4 anos desde o Congreso celebrado en Pontevedra, que houbo avances substanciais na organización interna, tanto a nivel nacional como zonal. A homologación no funcionamento interno en todas as Zonas, obxectivo prioritario, non se completou ao cento por cento, mais non cabe dúbida de que estamos no camiño correcto. Tamén fomos quen de ter un funcionamento máis áxil, o que foi vital para preparar os debates políticos coa antelación debida, outra das deficiencias que máis padecíamos.

4.1. As novas necesidades a afrontar

Traballando colectivamente en superar pouco a pouco os déficits orgánicos que se facían máis patentes, logrouse un incremento

sostido da militancia desde o Xº Congreso, así mesmo retomouse en todas as Zonas un traballo político coa base simpatizante do Partido. Como en toda organización viva, estes logros foron pondo ao descuberto novas deficiencias que nos toca corrixir até a próxima cita congresual. Tres son as eivas a emendar.

4.1.1. Unha militanza activa no tecido social

Unha preocupación do conxunto do Partido ten que ser a implicación no traballo social dos seus membros. A maioría do corpo social da UPG está traballando en multitude de organizacións populares. Mais é unha necesidade que todos os militantes o fagan, pois estas organizacións son unha vía de participación real, permiten unha maior penetración do discurso nacionalista, incrementan a confianza en nos mesmos como galegas e galegos, permiten dar saídas políticas ás demandas da sociedade e ter unha maior influencia electoral. Os Comités de Zona e as Asembleas Comarcais do Partido teñen a responsabilidade de faceren un seguimento para o seu cumprimento.

4.1.2. Unha militanza sen compartimentos estancos

As necesidades diarias do traballo nas organizacións nacionalistas e populares, xa sexan de ámbito sindical, institucional, cultural, etc., xeraron un alto grao de dedicación e especialización no traballo político. Porén, sería un erro transformar o coñecemento específico en xerarquización política. A militanza partidaria debe ser exemplo á hora de non confundir estas cuestións nos debates. Ninguén debe considerar máis importante o seu traballo político en función da proxección social ou o recoñece-

mento público que este teña. O esencial é estar contribuíndo ao fortalecemento do movemento nacionalista. As tensións no debate político, produto de criterios distintos, sempre as houbo e continuarán no futuro; o que nos debe diferenciar como militantes comunistas é a capacidade de resolvelas pondo a salvagarda o que é o principal: fortalecer a consciencia nacional do noso pobo e a súa autoorganización.

4.1.3. Compromiso coa actividade partidaria

Ningún dos dous apartados anteriores tería unha verificación real se non somos capaces de a pór en común no seo do Partido. As análises realizadas nos VIII e IX Congreso, onde se explicaban os déficits no funcionamento orgánico en base a ter unha militancia absorbida pola dinámica de traballo nas organizacións de masas, e nomeadamente no BNG, non perdeu actualidade. A práctica dos últimos anos demostrou que sen abandonar un segundo as nosas responsabilidades nas distintas organizacións, é necesario dedicar atención á vida orgánica do Partido. E non é só cuestión de asistencia ás xuntas: referímonos a que en todas as Zonas, e mesmo a nivel comarcal e sectorial, teñen que existir camaradas cun traballo orgánico prioritario para co Partido. Non entendamos este obxectivo como unha iniciativa a promover con carácter individual. Teñen que ser os órganos nas Zonas –os Comités de Zona– quen valoren que persoas son as indicadas para ese cometido en cada momento. A súa escolla e actividade non será excusa para que todos cumpramos cos nosos deberes colectivos. Reforzar o Partido na base convértese desde xa nun obxectivo prioritario.

A outro nivel sitúanse os recursos financeiros cos que contamos. A ninguén escapa que nos nutrimos totalmente coas aportacións

de militantes e simpatizantes. Este dato é ben indicativo de que só con máis base partidaria e cunha aportación maior da mesma –segundo criterios de proporcionalidade- seremos quen de dotarnos de máis e mellores medios.

4.2. Estruturação orgánica da UPG

Desenvolver todas as posibilidades políticas da UPG, sempre ao servizo da Galiza e do nacionalismo, require dotarnos dun funcionamento máis achegado ás necesidades reais do momento. Tres son as grandes áreas a desenvolver.

4.2.1. A nivel de Zona

Hai insuficiencias que cómpre corrixir de inmediato: A preparación dos Comités de Zona e Asembleas de Zona polos responsábeis políticos de zona ou sector ten que ser mellorada. A planificación política, secundarizada demasiadas veces polas necesidades da conxuntura, ten que recuperarse como método de traballo, con perseverancia ao longo do tempo. Tampouco é de menor importancia superar o descoido no grao de estudo dos temas a tratar nas xuntas pola militancia. Temos que mencionar tamén o necesario cumprimento de aspectos aparentemente formais como o levantamento de actas, seguimento da execución de acordos tomados e atención á nova militanza.

Acreditamos que o Comité de Zona é unha peza chave para a análise política, a busca de alternativas e control orgánico da UPG. Pese a que as Zonas nas que nos estruturamos (Compostela, A Coruña, Ferrolterra, Lugo, Ourense, Vigo, Ponteve-

dra e A Barbanza) abarcan varias comarcas excepto en dous casos, e non son, portanto, homologábeis, é obvio que para cumprir o seu obxectivo procurará reunirse, como mínimo, mensualmente. Os Comités de Zona deberán dotarse dunha estrutura homoxénea en todo o país, tendo designados –como mínimo- un ou unha responsábel sindical, cultural e da mocidade (que será o da UMG). Así mesmo existirá un ou unha responsábel de organización que se ocupará dos movementos de altas e baixas e das actas. A maiores cada zona establecerá as Comisións de traballo e as responsabilidades sectoriais que estimar oportuno.

A práctica dos últimos anos vén sinalar a necesidade de dotar de corpo orgánico as Asembleas Comarcais do Partido. Analizarán politicamente as diversas áreas de traballo nas que estean encadrados a actuación dos militantes, dinamizando as mesmas, e servindo de canles de información política. Para dirixir os traballos das mesmas a Asemblea escollerá un ou unha responsábel comarcal, que deberá rendir contas do seu traballo ao Comité de Zona e á Secretaría de Zona, informando dos debates existentes e acordos tomados nas súas reunións. As mesmas reuniránse, cando menos, de xeito bimestral.

Por último, temos que indicar a necesidade de reformular o funcionamento da Asemblea de Zona, órgano que pola súa excesiva amplitude territorial ten un funcionamento con participación irregular. Debe ter como función prioritaria o debate político e ideolóxico de temas xerais definidos polos órganos centrais do Partido ou polo Comité de Zona, tendo como obxectivo lograr a participación da totalidade dos afiliados. A súa convocatoria, con antelación e preparación necesaria, debe ser, cando menos, cuadrimestralmente.

4.2.2. A nivel central

O Comité Central veu sendo o soporte base do funcionamento regular do Partido, mantendo, como mínimo, o seu funcionamento bimestral. Non caben moitas modificacións sobre o seu cometido; órgano para a análise e a fixación de posición nos grandes temas de contido político. Debemos lograr que a súa composición interna permita cumprir a súa función.

Se o funcionamento do pleno do CC é, en liñas xerais, eficaz, si cómpre unha modificación no relativo ás comisións do CC. Pensadas até a data como órganos internos de traballo do CC, na práctica foi conveniente abrilas parcialmente a membros alleos ao organismo coa participación de militantes cualificados. Son 4 as comisións que, *a priori*, hai que pór en funcionamento: Sindical-operaria, Agraria, Cultural e Organizativa. Á fronte das mesmas situarase un ou unha responsábel que deberá ser membro do CC, trasladando, de xeito bidireccional, os acordos e debates que se considere oportunos. A maiores sitúase o traballo noutras áreas. O xuvenil, canalizado a través da UMG non precisa duplicidades. Pola contra, non se debe desbotar constituir outras comisións permanentes ou grupos de traballo (non permanentes) sempre que haxa unha demanda que o aconselle. Estas comisións terán uns criterios de composición definidos polo CC. Unha vez acordado por este organismo quen forma parte, ficarán cunha estrutura estábel.

O Secretariado Político tampouco precisa introducir modificacións substanciais respecto ao seu cometido. Para lograr que continúe sendo un órgano de análise política de conxuntura, vese conveniente unha maior periodicidade nas súas reunións, cumprindo o mínimo quincenal marcado estatutaria-

mente, e que a súa composición permita a entrada da maioría das Secretarías de Zona, debendo gañar así en axilidade na comunicación interna e nun mellor coñecemento do acontecer do día a día no país.

4.2.3. Organizar as simpatías cara ao Partido

Sempre soubemos que a UPG é moito máis que os seus afiliados e afiliadas, é todo o corpo nacionalista que comparte os nosos principios políticos e idelóxicos sen chegar a identificarse plenamente con eles ou, identificándose, non desexa manter un compromiso disciplinado na UPG. Ao mesmo tempo que valorizamos a súa identificación con nós, tamén debemos saber agradecer as mostras de confianza política que teñen depositado na UPG. Este é un dos principais motivos para consideralos parte do corpo social do Partido, necesario para seguir fortalecendo o movemento nacionalista galego.

Neste período intercongresual foron moitas as ocasións en que de xeito organizado ou a título individual intercambiamos opinións e información. É, pois, un compromiso que adquirimos o mantermos estes contactos de xeito regular, sen que fiquen reducidos a momentos ou asuntos específicos. Temos que procurar que toda a militancia nacionalista estea informada dos posicionamentos da UPG cando así for preciso, sen que isto supoña un menoscabo para o funcionamento da fronte patriótica da que todos formamos parte.

Unha ferramenta útil para manter aos militantes e simpatizantes é a páxina web do Partido, que deberá ser renovada e actualizada acoidadamente.

4.3. Formación política e ideolóxica

Neste ámbito, parécenos fundamental, sen propor numerosos obxectivos, resolver homologadamente en todas as Zonas o maior problema: A necesidade de que todas as novas incorporacións ao Partido –e as que o fixeron recentemente- participen nos seminarios de formación interna, onde se estudará a orixe, os principios e os obxectivos da Unión do Povo Galego.

4.4. Compromiso coa Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas

Xa se informou por distintas canles das razóns que levaron o Comité Central a promover a constitución dunha Fundación. O que se precisa para o futuro inmediato é a participación de toda a militanza para sermos quen de desenvolver os obxectivos fundacionais –para os que é necesario implicar máis xente que os e as afiliadas á UPG. Entre os obxectivos que pomos en destaque están logramos que a Fundación sexa un Centro de Documentación Nacionalista de referencia, divulgar os seus estudos e publicacións –nomeadamente o Terra e Tempo- e participar en todos os actos formativos que se programen, a efectos de fortalecermos o coñecemento sobre a realidade política, económica, social e cultural da Galiza así como contribuír ao esclarecemento de debates fulcrais no movemento nacionalista galego.